

## *“ A gaiola dourada ”.*

*Neste século naceu Aldara no baulciño que o avó trouxera da emigración.*

*Pasou os primeiros anos nesta arquiña fermosa e acolledora. De caoba avermellada e brillante, facía un chamativo xógo coas cinchas, enfeites, asas e ferraxería dourada.*

*Sólo verde aterciopelado da humildade e educación. Seda nas paredes con arabescos de fío prateado , feitas coas caricias e tenrura.*

*O cofreciño abría namentras a nena ía medrando e, con ténra idade, albisca raoilas brillantes de ilusión, alegría e motivacións. Ás veces nubrados ocultaban o Sol pero esvaecían axiña.*

*Co tempo, coñeceu a un mozo e todo voltou a trocar; sólo de confianza, paredes vermello pasión e sentimentos con tapadeira coma seguridade e protección.*

*Mais, os anos van traendo outros cambios na arquiña: o piso vóltase duro e espiñento pola sumisión e dependencia que sofre, as paredes trocan enreixadas do control social, persoal e as prohibicións agochadas, con falsos sentimentos e co amor.*

*Porén, xorde un ceo de esperanza con moitas mans e cadansua chave que abre o baúl.*

*Aldara, tén que espertar e loitar para manter o primeiro berce. Estender o brazo e acadar unha das chaves que abren a sinistra gaiola de ouro.*